

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**5091** *ORDE APA/778/2005, do 30 de marzo, pola que se modifica a Orde APA/245/2005, do 9 de febreiro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, e se prorroga a súa vixencia ata o 15 de abril de 2005 incluído. («BOE» 77, do 31-3-2005.)*

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída na lista A do Código Zoonosario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE). A súa propagación supón un perigo grave para o gando e podería ter consecuencias moi desfavorables para os intercambios comerciais a nivel internacional. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

O 13 de outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1.b) do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, aplicado pola Comunidade Autónoma de Andalucía puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul na parte oriental da provincia de Cádiz. As medidas de protección a nivel comunitario foron adoptadas mediante a Decisión 2004/697/CE, da Comisión, do 14 de outubro de 2004, relativa a determinadas medidas de protección contra a febre catarral ovina ou lingua azul en España, e posteriormente mediante as decisións 2004/762/CE, da Comisión, do 12 de novembro de 2004, e 2004/898/CE, da Comisión, do 23 de decembro de 2004, ambas modificativas da Decisión 2003/828/CE, no que respecta aos traslados de animais dentro dunha zona restrinxida de España e Portugal, e a partir dela, en relación cos abrochos de febre catarral ovina en España, mediante a Decisión 2005/138/CE, da Comisión, do 16 de febreiro de 2005, modificativa da Decisión 2003/828/CE no que respecta aos traslados de animais dentro dunha zona restrinxida de Portugal, e a partir dela, en relación cun abrocho de febre catarral ovina no dito Estado membro, e mediante a Decisión 2005/216/CE, da Comisión, do 9 de marzo de 2005, que modifica de novo a Decisión 2003/828/CE no relativo ás excepcións á prohibición de saída para traslados internos de animais, co fin de permitir certos movementos de animais nos Estados afectados, baseados nun cesamento temporal da actividade do vector transmisor da lingua azul.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, mediante a Orde APA/3411/2004, do 22 de outubro, establecéronse medidas específicas de carácter urxente respecto da lingua azul, ante a súa aparición no territorio peninsular español. Estas medidas foron posteriormente modificadas, á vista da evolución da enfermidade, e seguindo o criterio ao respecto do grupo de expertos previsto no Plan de Intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, mediante ordes ministeriais, sendo a última a Orde APA/245/2005, do 9 de febreiro, pola que se establecen medidas específicas de protección contra a lingua azul e cuxa vixencia expira o 31 de marzo de 2005.

Unha vez que se proceda á análise dos datos, tanto climatolóxicos como entomolóxicos, é preciso ampliar a aplicación da mencionada Orde APA/245/2005, ata o 15 de abril de 2005, ao manterse o cesamento temporal da actividade do vector transmisor da lingua azul. Así mesmo, é preciso ter en conta que, desde o 25 de marzo de 2005, os animais de especies

sensibles que permanecesen desde o 15 de decembro de 2004, data inicial de inactividade do vector, en zona restrinxida estacionalmente libre, cumpriran o requisito de ter estado protexidos dos ataques de culicoides durante os 100 días anteriores ao traslado como mínimo, previsto no punto 1 da letra A do anexo II da Decisión 2003/828/CE, da Comisión, sen prexuízo do cal é preciso modificar o artigo 3 da mencionada Orde APA/245/2005, a prol das necesarias garantías sanitarias para protexer o noso gando, co fin de asegurar que se trate de animais seronegativos ou seropositivos pero virolóxicamente negativos, e igualmente no caso dos animais nados con posterioridade ao 15 de decembro de 2004.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde APA/245/2005, do 9 de febreiro.*

1. O parágrafo 1.º da parte A do punto 1 do artigo 3 substitúese polo seguinte:

«1.º Os animais de especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida poderanse mover para vida a explotacións situadas en zona libre do resto do territorio nacional, e directamente a territorio doutros Estados membros logo de autorización do Estado membro de destino. En ambos os casos, deberanse cumprir as condicións que establece para o efecto a Decisión 2003/828/CE da Comisión, do 25 de novembro de 2003, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina. Non obstante, cando se trate de animais de explotacións situadas en zona restrinxida estacionalmente libre, cuxo movemento se ampare no cumprimento do requisito de teren estado protexidos dos ataques de culicoides durante os 100 días anteriores ao traslado, como mínimo, ou que nacesen con posterioridade ao 15 de decembro de 2004, será preciso, para autorizar o dito movemento, que se obtivese en todos os animais da partida resultado negativo previo mediante a técnica ELISA, ou ben, se os animais deron resultado positivo mediante a dita técnica, deberán ser analizados e obterse resultado negativo mediante a técnica RT-PCR.

Os animais deberán estar marcados, cando vaian abandonar a zona restrinxida para o seu movemento dentro de España, de forma que se impida o seu traslado posterior a outro Estado Membro da Unión Europea. Esta marcación realizarase, polo menos, no documento de identificación bovina (DIB) dos animais bovinos, previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, así como nas bases informáticas correspondentes, e no resto de ruminantes mediante unha marca auricular de cor vermella na cal figurará, polo menos, a lenda «LA» e o mes e ano en que abandonen a zona restrinxida.»

2. Suprímese a parte A do anexo.

3. Modifícase a disposición derradeira segunda: «Vixencia das medidas», que queda redactada como segue:

«As medidas dispostas na presente orde quedarán sen efecto a partir do 16 de abril»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente orde dítase de acordo co previsto no artigo 149.1.16.ª da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior e bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 30 de marzo de 2005

ESPINOSA MANGANA